


CONCELLO
DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

SOMBRAS NO ENSANCHE

Percorrido literario guiado pola autora da novela, Clara do Roxo



SINOPSE DA NOVELA. VIGO 2017

A novela *Sombras no Ensanche* discorre por rúas e edificios desta zona viguesa, hoxe centro de negocios e comercial, símbolo de posmodernidade e globalización. A autora, ademais de ambientar a súa historia nesta zona da cidade, trasládanos a un tempo futuro, pode que non moi afastado, que describe e anticipa onde nos pode levar o modelo de sociedade que estamos construír.

Os recordos da súa familia farán que Xocas, un adolescente sobranceiro en matemáticas, loite por saír adiante nunha contorna hostil nun Vigo tomado e controlado, onde o Ensanche e os seus edificios e museos son os escenarios da trama.

SÁBADO, 24 DE MARZO DE 2018

Hora de saída: ás 11:00 (só poden asistir as persoas previamente inscritas)

Punto de encontro: saída desde “Detrás do MARCO” - rúa de Londres

Duración aproximada: 2 horas e media (levar calzado cómodo)

Inscrición: *Deben chamar ao teléfono 986 81 02 81 de 9:00 a 14:30 h*

Prazo de inscrición: *Dende o día 19 de marzo e ata completar as prazas*

PERCORRIDO: Saída desde “Detrás do MARCO” rúa de Londres. Príncipe-Porta do Sol- baixada pola rúa de Carral. Alameda. Rúa do Areal ata o edificio Bonín. Subida pola rúa do Porto ata edificio Curvera en García Barbón. Subida á rúa de Uruguai polas escaleiras de Santiago de Vigo. Subida por República Arxentina ata o edificio Polar en Urzaiz. Baixada por Colón ata Marqués de Valladares. Subida por Reconquista ata Policarpo Sanz. Remate na Porta do Sol.

ENSANCHE DE VIGO

O derrubamento da muralla do centro histórico no ano 1861 marca o comezo dunha nova cidade. Poucos anos máis tarde, proxéctase o Ensanche de Nova Poboación. O novo plan urbanístico principia un modelo de cidade pensado pola burguesía local, que comezaba a ter unha influencia destacada na sociedade viguesa.

Esa burguesía industrial, non ilustrada pero fachendosa e cosmopolita, encargoulles construír edificios aos máis prestixiosos arquitectos da cidade, para que reflectisen o seu status e o seu gusto polas correntes artísticas europeas como símbolo de modernidade.

Os diferentes ensanches de Vigo, dende finais do século XIX ata metade do século XX, unha vez esquecido o tranvía, representan un legado cultural que se debe poñer en valor, non só pola calidade estética, senón tamén porque representan un xeito de entender a cidade, de antepoñer o traballo ben feito fronte a obxectivos máis lucrativos.